



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO


**Agosto 2021**

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2021

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: [http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?](http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp)  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de comercio polo miúdo (ICM). Agosto 2021

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe un 1,6% en Galicia en agosto de 2021 con respecto ao mesmo período do ano anterior e no conxunto de España un 0,1%.
- Por produtos, as vendas diminúen en Alimentación un 0,8% e no Resto de produtos un 3,3%.
- As vendas minoristas aumentan en seis comunidades autónomas no mes de agosto.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes rexistra un crecemento do 4,4% en Galicia no mes de agosto de 2021 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España do 5,3%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do 1,2% en Galicia e do 1,8% no conxunto do Estado.
- A ocupación aumenta en quince comunidades autónomas.



## 1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe un 1,6% en Galicia en agosto de 2021 con respecto ao mesmo período do ano anterior e no conxunto de España un 0,1%.


O índice xeral sen estacións de servizo diminúe un 2,2% en Galicia e un 0,4% en España respecto a agosto de 2020. Desagregando por produtos:

- A Alimentación reduce as súas vendas un 0,8% en Galicia mentres que aumenta un 0,8% no conxunto de España.
- O Resto de produtos rexistra un descenso do 3,3% en Galicia e do 1,4% no conxunto do Estado.

Nos oito primeiros meses do ano, o índice xeral aumenta un 3,9% en Galicia e un 5,0% no conxunto de España. As vendas en Alimentación diminúen tanto en Galicia, -0,6%, como en España, -1,4%. No Resto de produtos aumentan as vendas, 7,1% en Galicia e 9,8% en España.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do -1,5%.

O gráfico mostra a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




## 2. Índices por comunidades autónomas

As vendas crecen en seis comunidades autónomas. Os maiores incrementos danse en Illes Balears (7,3%), Comunitat Valenciana (1,6%) e Cataluña (1,2%) mentres que Asturias e País Vasco (ambas -5,5%) rexistran os maiores descensos.

### Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Agosto 2021

#### Taxas de variación en %



No que vai de ano, todas as comunidades aumentan as vendas. Os maiores incrementos rexístranse en Madrid (10,0%) e Illes Balears (8,5%).

## 3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes aumenta un 4,4% en Galicia no mes de agosto de 2021, e un 5,3% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo crece un 2,4% en Galicia e un 3,7% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un 1,6% e no Resto de produtos un 3,0%. No conxunto do Estado, as vendas en Alimentación aumentan un 2,6% e no Resto de produtos un 4,8%.

## Índices de comercio polo miúdo. Agosto 2021

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
<b>Xeral</b>	120,2	4,4	7,8
<b>Xeral sen estacións de servizo</b>	119,5	2,4	6,6
<b>Alimentación</b>	118,8	1,6	0,8
<b>Resto</b>	119,3	3,0	11,4

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	4,4	7,8
Xeral sen estacións de servizo	2,4	6,6
Alimentación	1,6	0,8
Resto	3,0	11,4

No acumulado do ano, o índice xeral rexistra unha taxa do 7,8% en Galicia e do 8,7% no conxunto do Estado.

As vendas en Alimentación aumentan no que vai de ano un 0,8% en Galicia mentres que diminúen un 0,2% en España. No Resto de produtos, as vendas crecen un 11,4% en Galicia e un 14,2% en España.

#### 4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 1,2% no mes de agosto en Galicia e do 1,8% no conxunto do Estado.

No que vai de ano, a ocupación diminúe un 0,3% en Galicia e un 0,2% en España.


#### 5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en agosto en quince comunidades autónomas. Os maiores incrementos danse en Illes Balears (3,5%) e Comunitat Valenciana (3,2%).

No que vai de ano, dez comunidades autónomas perden emprego. Os maiores descensos rexístranse en Canarias (-4,8%) e La Rioja (-1,3%). As comunidades onde máis aumenta o emprego son Comunitat Valenciana (1,6%) e País Vasco e Aragón (0,9%).

## Índice xeral de ocupación. Agosto 2021

### Taxas de variación en %



## Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflatores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.
- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC<sup>1</sup>.

---

<sup>1</sup> Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Agosto 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	120,2	4,4	7,8	113,4	-1,6	3,9
Xeral sen estacións de servizo	119,5	2,4	6,6	113,4	-2,2	3,6
Alimentación	118,8	1,6	0,8	107,7	-0,8	-0,6
Resto	119,3	3,0	11,4	117,8	-3,3	7,1
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	108,6	5,3	8,7	102,8	-0,1	5,0
Xeral sen estacións de servizo	107,1	3,7	7,2	102,3	-0,4	4,3
Alimentación	114,7	2,6	-0,2	105,1	0,8	-1,4
Resto	101,3	4,8	14,2	100,1	-1,4	9,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Agosto 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	113,1	2,5	7,9	106,9	-1,5	4,3
Xeral sen estacións de servizo	113,5	0,8	7,0	107,4	-3,7	3,8
Alimentación	108,9	0,2	0,9	101,8	-0,7	-0,5
Resto	115,6	0,6	12,2	112,0	-5,3	8,1
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	111,0	4,3	9,0	104,1	-0,9	5,6
Xeral sen estacións de servizo	110,7	2,5	7,5	104,7	-1,4	4,8
Alimentación	112,6	2,0	0,0	103,1	0,4	-1,2
Resto	109,6	2,8	15,0	106,5	-2,8	10,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE



**Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Agosto 2021**

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>108,6</b>	<b>5,3</b>	<b>8,7</b>	<b>102,8</b>	<b>-0,1</b>	<b>5,0</b>
Andalucía	113,0	6,0	7,9	107,7	0,8	4,4
Aragón	102,8	2,0	7,2	97,3	-3,8	3,3
Asturias	109,3	-0,2	5,6	104,2	-5,5	2,1
Balears, Illes	132,7	13,7	13,0	125,5	7,3	8,5
Canarias	98,7	4,4	2,1	93,6	0,3	0,1
Cantabria	123,5	3,6	9,5	115,5	-2,1	5,7
Castilla y León	110,8	0,8	5,9	104,2	-5,0	1,9
Castilla-La Mancha	112,7	1,4	6,6	106,2	-4,5	2,7
Cataluña	100,8	6,7	8,9	94,3	1,2	5,2
Comunitat Valenciana	116,6	7,2	8,7	111,4	1,6	4,9
Extremadura	101,2	1,5	3,7	96,5	-3,8	0,2
<b>GALICIA</b>	<b>120,2</b>	<b>4,4</b>	<b>7,8</b>	<b>113,4</b>	<b>-1,6</b>	<b>3,9</b>
Madrid	104,9	5,9	13,5	99,4	0,6	10,0
Murcia, Región de	107,7	3,1	7,7	103,5	-1,6	4,5
Navarra	107,5	0,8	6,0	101,1	-5,0	1,8
País Vasco	94,3	-0,3	7,4	88,7	-5,5	3,7
Rioja, La	113,2	0,3	5,5	107,2	-5,0	2,1
Ceuta	76,8	-1,2	-1,2	73,6	-5,6	-4,2
Melilla	75,7	-5,6	-3,5	71,9	-10,8	-7,1

Fonte: INE

**Cadro 4. Índices de ocupación. Agosto 2021**

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	104,6	1,2	-0,3
Xeral sen estacións de servizo	104,0	1,0	-0,3
<b>España</b>			
Xeral	104,5	1,8	-0,2
Xeral sen estacións de servizo	104,4	1,7	-0,2

Fonte: INE

**Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas.  
Agosto 2021**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>104,5</b>	<b>1,8</b>	<b>-0,2</b>
Andalucía	101,3	1,7	-0,5
Aragón	105,7	2,0	0,9
Asturias	105,3	0,7	-0,4
Balears, Illes	112,0	3,5	-0,7
Canarias	100,3	-1,9	-4,8
Cantabria	104,9	1,1	-0,3
Castilla y León	106,0	2,2	0,5
Castilla-La Mancha	102,0	0,5	0,5
Cataluña	104,1	1,6	-0,7
Comunitat Valenciana	111,4	3,2	1,6
Extremadura	101,7	0,8	0,4
<b>GALICIA</b>	<b>104,6</b>	<b>1,2</b>	<b>-0,3</b>
Madrid	104,9	2,7	0,3
Murcia	104,3	0,7	-0,2
Navarra	102,6	1,5	-0,4
País Vasco	104,0	2,2	0,9
Rioja, La	105,3	0,0	-1,3
Ceuta	99,3	-1,5	-1,2
Melilla	100,1	-0,7	-2,1

Fonte: INE